



# CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

## ACTA 2024-17

PRIMEIRA CONVOCATORIA

XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA

25 de Setembro de 2024

Lugar

SALA DE COMISIÓN DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:03

Hora de Finalización

10:24

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA  
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA  
Interventor: .

### MEMBROS ASISTENTES

JOSE RAMON LOPEZ PEREZ

LUCIA GIL CID

MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

## ACORDOS:

### 1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 12.09.2024 (ACTA 2024/16)

A acta apróbbase por unanimidade.

### 2º. APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SEGUNDO CATRIMESTRE DO 2024: DA TAXA DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA E DO CANON DA AUGA DA XUNTA DE GALICIA.

O Sr. alcalde pon en coñecemento dos concelleiros asistentes á sesión que polo Servizo de Recaudación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, en base ós datos facilitados polo Concello da lectura dos contadores correspondentes, confeccionáronse os seguintes padróns:

- Da **Taxa** do subministro domiciliario de auga potable no núcleo de Castrelo do Val correspondente ó **segundo cadrimestre** do **2024**
- Do **Cánon** da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este Concello correspondente ao **segundo cadrimestre** do **2024**.

Logo de examinar os devandito padróns, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes **ACORDA:**

- 1º. Aprobar o padrón da Taxa por subministro de auga potable do **segundo cadrimestre** do





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

**2024**, de data **20 de setembro do 2023**, que consta de **239** recibos, unha base imponible de **4.159,95** euros, IVE por importe de **416,44** euros, e un importe total de **4.576,39** euros.

2º. Aprobar o padrón do Canon da Auga da Xunta de Galicia, polo consumo de auga efectuado polos usuarios do servizo de suministro que presta este concello, correspondente ao **segundo cadrimestre do 2024** que ascende a **3.918,89** euros.

(O Concello de Castrelo do Val, en virtude do establecido no artigo 48 do Decreto 136/2.012, do 31 de maio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproba o Regulamento do Canon da auga, está obrigado a repercutir e recadar dos seus abonados ao servizo de suministro de auga o Canon da auga, e autoliquidar o importe a Augas de Galicia.) Total Padróns cobratorios: **8.495,28** euros.

3º. Expoñer ó público por prazo de 15 días estes padróns, mediante anuncio que se publicará no **BOP** e que se exporá no taboleiro de edictos do Concello, para que durante este prazo poidan examinalo e formular alegacións contra o mesmo ás persoas interesadas.

4º. Período de pagamento voluntario: o prazo de cobramento en período voluntario destes padróns, será de **dous meses** contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Ourense, e realizarase a través do Servizo de Recadación da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, situado na Rúa do Castro, 4. baixo. 32600 Verín (Ourense).

### **3º. ORDE DO 11 DE SETEMBRO DE 2024 DE AXUDAS E SUBVENCIONS DE FOMENTO DO EMPREGO PARA A CONTRATACION DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (TR351B).**

O Sr. alcalde, pasa a dar conta ós presentes da Orde do **11.09.2024**, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, pola que se convocan subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local por parte das entidades locais; así como da documentación que se elaborou sobre o particular.

Tralo que a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes,  
**ACORDA:**

**PRIMEIRO.** Aprobar o proxecto da obra ou servizo para a que se solicita subvención, a saber: **Prórroga do Servizo de axente de emprego e desenvolvemento local.**

**SEGUNDO:** Aprobar a prórroga da contratación dun Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, acordándose aplicar á traballadora contratada o salario reflectido na seguinte táboa:

Salario bruto mensual	Cotiz. empresarial S.S. mensual	Ttotal salario + Seg. Social	Custo bruto anual	Subvencion solicitada
3.222,34	846,83	4.069,17	48.830,04	12.207,51

**TERCEIRO.** Solicitar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, ó abeiro da Orde





## CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

da devandita Consellería de data **11 de setembro de 2024**, o financiamento dos gastos salariais correspondentes para a prórroga da contratación do servizo de AEDL deste Concello de Castrelo do Val.

**CUARTO.** Facultar, de xeito expreso, ó Sr. Alcalde-Presidente para asinar a solicitude e a documentación precisa, así como para, no seu caso, a aceptación da subvención que se poida conceder.

**QUINTO.** Trasladar o presente acordo á devandita Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

